

Abeirado ao minimalismo

Unha perfecta descrición


FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

A posguerra e as súas miserias deixaron pegadas indelebles en corpos e almas dos pobos galegos. Tamén no noso imaxinario colectivo, reflectidas a través da literatura. Xa non se trata unicamente de recuperar a memoria histórica. Eses anos indixentes, de lacerías e pauperismo tanto material como moral, están ategados de feitos e sucesos reais – suicidios, asasinatos – que levedaron e seguen a inspirar pezas literarias nas que a fermenta da ficción os fan máis críbles e os converten en “coñecemento narrativo” que perdura para alén do coñecemento histórico. Todo isto é o que o lector atopa nesta novela breve, *Malas cartas*, do escritor ouzandés, radicado en Madrid, Manuel Pereira Valcárcel.

Unha prolepse (“Ceibaron a Suso”) inaugura esta historia que deu co escritor ao xeito dunha lenda rural, mais, neste caso, baseada nun feito real e do que foron vítimas persoas coñecidas polo narrador. No ano 1951, en Trevoedo, unha aldea galega do concello de Vilaio, aparece asasinada unha viúva de sesenta anos. Os gardas, buscando a solución máis fácil e rápida do crime, prenden a Suso. E aquí dá comezo o relato que se estea en tres centros de interese. O preso inocente sometido a torturas, a súa muller aflixida pero que está segura da inocencia do home, e o pobo que, ao xeito dun altafalante coral, expande e comenta as

a detención do Suso ten entre os seus veciños: as forzas vivas que o consideran sen máis culpable e a xente do pobo que acredita na súa inocencia e non deixa de manifestar a súa xenreira contra os gardas, pero que respecta os caciques. Agranda así mesmo o argumento da novela a perfecta captación da paisaxe social do país, nunha posguerra chea de miseria, odios, resentimentos e da obscena fachenda dos ganadores da guerra, adeptos e adictos “al Régimen”.

O relato chega a dar nunha verdadeira novela coral



novas.

É este último pilar, sen dúbida, o máis importante na narración de Pereira Valcárcel, ata o punto de converter o relato nunha verdadeira novela coral. Porque o relato reflicte sobre todo o eco que

A escrita de Pereira Valcárcel abéirase conscientemente e á mantenta ao minimalismo, á expresión concisa e neste caso seguramente sen un “Captain Fiction” que, como nos relatos de Carver, pode os seus orixinais. Estilo minimalista, sobrio pola concisión do relato, pero tamén, pola perfecta descrición, ata os máis mínimos detalles, do que lle interesa á historia. Un escritor, pois, que conta o que cómpre contar, o esencial que marca a historia e non a escurece.

PEREIRA VALCÁRCCEL, M., *Malas cartas*, Ed. Biblos, Cesuras, 2010, PVP 14 €